Cénit Mapa de experiencias de educación para a cidadanía global

# FICHA MANUAL PARA CUBRIR O FORMULARIO DO CÉNIT MAPA

PRIMEIRO PASO: **REXISTRAR O MEU CENTRO EDUCATIVO OU FACULTADE**

Para elo prememos en https://emapic.es/custom/cenitmapa na pestana PARTICIPA e INTRODUCIR EXPERIENCIA




Na pestana que se nos abre, prememos neste cadriño verde




e a continuación cubrimos os datos que nos solicita o formulario (nome e apelidos da persoa que introduce a experiencia; teléfono; correo electrónico; centro de traballo que corresponda, centro escolar para etapas de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP ou Centro universitario para as facultades). Estes datos serán públicos polo que recomendamos introducir o telefono e o e-mail institucional.

Na seguinte pestana introducimos os datos do centro escolar ou universitario, como sigue este exemplo:




Para elo poñemos a localidade e o nome do centro, xa nos debería salir automáticamente o enderezo, a dirección e a xeolocalización. Entón seguimos cubrindo poñendo o título do proxecto e unha pequena xustificación e damoslle a seguinte.

Nota: no caso de que escribindo localidade e nome do centro educativo/facultade non nos apareza na lista despregable a opción correcta, podemos premer no apartado de introducilo manualmente tal como se amosa:




Finalmente só temos que confirmar a política de protección de datos e premer en rematar:




Unha vez feito isto e que o equipo administrador do Cénit Mapa validemos como correcta a inscrición, no correo electrónico que facilitáchedes recibiredes unha mensaxe que contén a unha clave, tal que así:




**INSCRICIÓN VALIDADA NO MAPA DE ECG**

Acabamos de validar a túa inscrición para cartografar experiencias de ECG no mapa. Para iso, precisarás a seguinte clave identificativa, que deberás empregar sempre que queiras achegar unha experiencia:

**PEIS**

Se cambias de lugar de traballo e tes unha nova experiencia para rexistrar, será preciso que realices unha nova inscrición; do contrario, a experiencia vincularase co centro/entidade anterior.

Podes acceder ao formulario mediante esta ligazón. Non tes que cumprimentalo dunha vez porque ofrece a opción de gardar. Poderás recuperar o borrador coa túa clave de acceso, desde a primeira etapa do formulario.

De novo, moitas grazas por querer ser parte deste proxecto.

*Saúdos*

*Proxecto financiado por:* XUNTA DE GALICIA, cooperacióngalega, GENE 20

*Proxecto desenvolvido por:* Educación para a Cidadanía Global, UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Contacto xeral do proxecto: cenitmapa@udc.gal

emapic | Soporte técnico: info@emapic.es

SEGUNDO PASO: **SUBIR UNHA INICIATIVA/PROXECTO**

Agora, xa temos o noso centro rexistrado e a clave necesaria para poder introducir o noso proxecto no Cénit Mapa.

Volvemos á web do Mapa e prememos de novo en PARTICIPA, INTRODUCIR EXPERIENCIA




E abaixo de todo colocamos a nosa clave persoal e pulsamos, seguinte:




Agora ábresenos o formulario de autocumprimentación que temos que encher cos datos do noso proxecto. Algúns datos serán de escribir (cun mínimo e máximo de caracteres incluíndo espazos) e outros de seleccionar entre as opcións que se nos ofrecen). Imos paso por paso:

# Datos introdutorios da experiencia

**Nome da experiencia**: (sen límite de caracteres)

# Resumo da experiencia

No que deberemos cubrir os seguintes apartados:

**Presentación da experiencia**: (200 - 1000 caracteres)

**Finalidade/s da iniciativa:** (200 - 1000 caracteres)

**Descrición do proceso (e accións principais):** (300 - 3000 caracteres)

**Reflexión (puntos fortes e febles, resultados, continuidade):** (300 - 1000 caracteres)

**A experiencia recibiu os seguintes premios** (premer só en caso afirmativo e indicar cal/es): sen límite de caracteres

**Contido multimedia**.

Debes compartir obrigatoriamente 3 imaxes asociada á experiencia e ata un máximo de 5 (peso máximo 10MB por imaxe).

Opcionalmente:

- Audio (máximo 2,5MB; só formato «mp3» ou «ogg»): __________________________
- Memoria da iniciativa (Máximo 25MB; só formato «pdf»: _______________________

- Ligazóns a vídeo do proxecto: ________________________________________________

- Ligazón a web do proxecto: ___________________________________________________

*Despois premes en «Seguinte» e na seguinte pantalla debes cubrir os seguintes datos:*

## Centros escolares ou universitarios onde se desenvolve

(recomendación, cumprimentar un único formulario seleccionando todos os centros escolares/facultades nos que se levou a cabo).

**O CENTRO 1** vai saír por defecto o que foi rexistrado inicialmente por vos para obter a clave de acceso ao formulario. Polo tanto si non participaron máis centros non habería que cubrir nada máis.

No caso de que **si participaran máis centros**, premedes en engadir centro tantas veces como sexa necesario e cubrides os datos de cada un deles:




**Promovida por**: (Seleccionar como mínimo 1 opción e tantas como sexan necesarias, entre as seguintes opcións):

| | |
|---|---|
| | Docente/s |
| | Equipo directivo |
| | Familias/ANPA |
| | ONGD/Asociación |
| | Departamento/Servizo/Comisión |
| | Concello/Administración |
| | Outro/s: indicar cal_____________________________________________ |

**Cursos académicos nos que se desenvolveu ou leva desenvolvendo** (Selecciona unha opción e indica o[s] curso[s] separados por punto e coma)

| | | |
|---|---|---|
| | Un curso | Indicar cal (2022-2023 por exemplo) |
| | Varios cursos | Indicar cales (2021-2022; 2022-2023, etc.) |

**Etapas educativas** (Selecciona polo menos unha opción e cubre a información adicional no caso de FP e universidade):

| | |
|---|---|
| | Educación Infantil |
| | Educación Primaria |
| | ESO/Bacharelato |
| | Formación Profesional * |
| | Universidade* |

*No caso de marcar FP ou UNIVERSIDADE debemos indicar tamén a RAMA de estudos: elixir unha ou varias das opcións que saen no despregable, segundo corresponda en cada caso. Ademais débese indicar o Nome das titulacións/ciclos (Indica en que titulación[s] universitaria[s] / ciclo[s] de FP se desenvolveu a experiencia, indicando tamén entre paréntese o nivel, e separadas por punto e coma se hai máis dunha).

*Exemplo FP:*
- *Rama: sanidade*
- *Nome da titulación e nivel: Laboratorio clínico e biomédico (Bioloxía molecular e citoxenética de 1º)*

*Exemplo universidade:*
- *Rama: ciencias sociais e xurídicas.*
- *Nome da titulación e nivel: Educación Social (antropoloxía social e cultural do 3º curso de grao); Socioloxía (1º curso de grao)*

**Carácter curricular da experiencia** (Selecciona unha opción do despregable; se a experiencia foi desenvolvida en varios centros, escolle a opción máis completa).

| | |
|---|---|
| | Experiencia non vinculada ao currículo en ningunha materia |
| | Experiencia disciplinar vinculada ao currículo dunha materia |
| | Experiencia interdisciplinar vinculada ao currículo de varias materias |

**Competencias clave que se traballan na experiencia:**
(Marca polo menos unha e ata tres opcións, por orde de prelación).

| | |
|---|---|
| | Non se traballou ningunha competencia específica |
| | Comunicación na lingua materna |
| | Matemáticas, ciencias ou tecnoloxía |
| | Aprender a aprender |
| | Iniciativa e espírito emprendedor |
| | Comunicación en linguas estranxeiras |
| | Competencia dixital |
| | Competencias sociais e cívicas |
| | Conciencia e expresión cultural |

**Duración** (Selecciona unha opción):

| | |
|---|---|
| | Un día/xornada/semana |
| | Unha semana |
| | Unha quincena |
| | Un mes |
| | Un trimestre/cuadrimestre/semestre |
| | Ao longo do curso |
| | Outra/s: especificar cal_______________________________________________ |

**Tempo educativo** (Selecciona polo menos unha opción e todas as que necesites):

| | |
|---|---|
| | Sesión de aula |
| | Titorías |
| | Biblioteca |
| | Fóra do horario lectivo (extraescolar...) |
| | Outro: especificar cal________________________________________________ |

**Ámbito de aplicación** (Selecciona unha opción):

| | |
|---|---|
| | Grupo |
| | Curso |
| | Centro (a nivel de proxectos de centro no que participa todo o colexio) |
| | Outro: especificar cal_______________________________________________ |

**Impacto da experiencia** (Indica o número aproximado de persoas participantes):

| | |
|---|---|
| Alumnado | Poñer número, si non participan poñer 0 |
| Profesorado | Poñer número, si non participan poñer 0 |
| Familias | Poñer número, si non participan poñer 0 |
| Outros axentes | Poñer número, si non participan poñer 0 |

**Grao de implicación da comunidade educativa e impacto da experiencia no alumnado (rol dos docentes, rol do alumnado, etc.):** (300 - 1000 caracteres)

| |
|---|
| |

**Entidades implicadas** (Marca só se houbo entidades implicadas, e no seu caso, indica o nome das mesmas separadas por punto e coma):

| | |
|---|---|
| | Participaron as seguintes entidades: *indicar cal/es* |
| | Financiaron o proxecto as seguintes entidades: *indicar cal/es* |

*Despois premes en «Seguinte» e na seguinte pantalla debes cubrir os seguintes datos:*

# Trazos da experiencia

**Obxectivos** (Marca polo menos unha e ata tres opcións, por orde de prelación):

| | |
|---|---|
| | Recadar fondos, bens, servizos ou axuda material, ante unha situación crítica ou de emerxencia, na que se observa que hai persoas/colectivos que carecen de algo que podemos proporcionar. |
| | Visibilizar unha realidade problemática. |
| | Coñecer / comprender as causas dunha realidade problemática, atendendo á dimensión estrutural (política, social, cultural, económica…) e de interdependencia Norte-Sur, co fin de xerar conciencias críticas. |
| | Buscar solucións, alternativas ou propostas de cambio ás causas identificadas das realidades problemáticas. |
| | Impulsar posibles solucións e alternativas, poñendo en práctica accións concretas. |
| | Acadar cambios a nivel político realizando accións de incidencia ou mobilización social (denunciar inxustizas, impugnar decisións políticas). |
| | Promover unha cultura de solidariedade recíproca e fomentar a cooperación e participación solidaria (glocal, corresponsabilidade, interdependencia, axudan eles e axudamos nós). |

**Dimensión/s da ECG que traballa o proxecto** (Marca polo menos unha e ata catro opcións, por orde de prelación):

| | |
|---|---|
| | Sensibilización |
| | Formación |
| | Investigación |

| | |
|---|---|
| | Incidencia política e/ou mobilización social |

**Temática/s da ECG que traballa o proxecto** (Marca polo menos unha e ata tres opcións, por orde de prelación):

| | |
|---|---|
| | Interdependencia (relación global-local, corresponsabilidade norte-sur, globalización, cidadanía global) |
| | Democracia (participación, movementos sociais, gobernanza) |
| | Xénero (feminismo, coeducación, diversidade afectivo-sexual) |
| | Interculturalidade (minorías étnicas, inmigración, refuxiados/as, identidades) |
| | Exclusión social (pobreza, desigualdade, colectivos vulnerables) |
| | Xustiza social (dereitos humanos, valores e ética cívica) |
| | Economía social (economía circular, comercio xusto, responsabilidade social corporativa, decrecemento) |
| | Sustentabilidade (medio ambiente, consumo responsable, territorio/hábitat, soberanía alimentaria, condicións de vida saudables) |
| | Cidadanía dixital (medios de comunicación social, redes sociais) |
| | Cultura de paz (non violencia, resolución conflitos...) |
| | Interxeracionalidade (maiores) |
| | Diversidade funcional, discapacidade/s, dependencia |
| | Outra: *indicar cal* |

**Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que traballa o proxecto ou cos que está relacionado** (Marca polo menos unha e ata tres opcións, por orde de prelación; en caso de que non se vincule con ningún ODS, marca a opción correspondente ao final):

| | |
|---|---|
| | OD1. Fin da pobreza |
| | ODS2. Fame Cero |
| | ODS3. Saúde e benestar |
| | ODS4. Educación de calidade |
| | ODS5. Igualdade de xénero |
| | ODS6. Auga limpa e saneamento |
| | ODS7. Enerxía accesible e non contaminante |
| | ODS8. Traballo decente e crecemento económico |
| | ODS9. Industria, innovación e infraestrutura |
| | ODS10. Redución das desigualdades |
| | ODS11. Cidades e comunidades sustentables |
| | ODS12. Produción e consumo responsables |
| | ODS13. Acción polo clima |
| | ODS14. Vida submarina |
| | ODS15. Vida de ecosistemas terrestres |
| | ODS16. Paz, xustiza e institucións sólidas |
| | ODS17. Alianzas para lograr os obxectivos |
| | Non se vincula con ningún ODS |

**Formato** (Selecciona polo menos unha opción e todas cantas necesites):

| | |
|---|---|
| | Campaña |
| | Curso/ obradoiro/ seminario |
| | Exposición |
| | Charla / xornada / foro / congreso |
| | Feira / mercadillo |
| | Viaxe / turismo solidario |
| | Actividade artística |
| | Publicación / creación material |

| | |
|---|---|
| | Unidade didáctica / proxecto |
| | Outro: *especificar cal* |

**Metodoloxías, estratexias e técnicas** (Marca polo menos unha e ata tres opcións como máximo, por orde de prelación, independentemente dos enfoques):

| | |
|---|---|
| Enfoque conceptual | Expositivas (sesións maxistrais, charlas, conferencias, seminarios, mesas redondas…) |
| | Resolución de exercicios ou problemas |
| | Debates |
| | Aula invertida |
| | Outra: *especificar* |

| | |
|---|---|
| Enfoque experiencial | Clases prácticas/ laboratorio |
| | Obradoiros (talleres) |
| | Xogos, gamificación |
| | Teatro, xogo de rol, sociodrama |
| | Outra: *especificar* |

| | |
|---|---|
| Enfoque horizontal | Aprendizaxe cooperativa |
| | Aprendizaxe colaborativa |
| | Cartografía social/ emocional |
| | Outra: *especificar* |

| | |
|---|---|
| Enfoque globalizado | Estudo de caso |
| | Aprendizaxe baseada en problemas |
| | Aprendizaxe baseada en proxectos |
| | Proxectos de Aprendizaxe Servizo |
| | Comunidades de aprendizaxe |
| | Outra: *especificar* |

**Materiais empregados / creados para desenvolver a experiencia**
(Se empregaches algún material externo (de entidades, asociacións, etc.) ou a experiencia resultou en novos materiais propios sobre ECG, engádeos un por un; ao compartir material propio, aceptas que estea visible na nosa web, co obxectivo de crear un banco de recursos de ECG).




Para engadir material (preferiblemente facelo), premer no cadro azul tal como se observa na imaxe superior, e abriranse novas opcións para rechear:
*Nome do material*: ______________________________
*Autores/as*:______________________________________
*Ano*: ____________________________________________
*Referencia ou ligazón*: ___________________________
*Tipo de material*: seleccionar no despregable o que corresponda (aplicación, web/blog, material didáctico, recurso audiovisual, novas de prensa, recursos bibliográficos, etc.)

*Despois premes en «Seguinte» e na seguinte pantalla debes cubrir os seguintes datos:*

# Fin do formulario

Xa cubriches toda a información requirida para a inscrición da túa experiencia no mapa de ECG. De ser necesario, aínda podes revisar os datos introducidos ata o momento, volvendo atrás coa frecha da parte inferior. Lembra que tamén podes volver editar a información se precisas revisar algún dato, mentres non se valide a experiencia. Para isto, tes que indicar no recadro de «Comentarios» que a información non é definitiva e premer en «Rematar».

Podes achegar calquera outro comentario que consideres no recadro inferior.

**Comentarios opcionais** (Traslada calquera aclaración sobre a túa experiencia ou suxestións sobre o proxecto. Estes comentarios non se farán públicos) máximo 500 caracteres:

Noraboa, remataches de cubrir todo o formulario, para finalizar o proceso e que a iniciativa quede gardada para ser validada polo equipo de administración do Cénit Mapa preme na casilla "Rematar".

Lembra que mentras non premas en rematar todo o escrito e seleccionado quedara gardado en formato borrador só visible para ti e non se amosará publicamente nin poderá participar do Premio.

Podes traballar no teu borrador todas as veces que o desexes e, cando esteas seguro/a de ter todo completo, pincha en rematar para enviala. Unha vez se envíe non se pode acceder máis ao borrador porque estaría aceptada.

Despois de que o noso equipo revise que todo está correcto recibirás un e-mail de confirmación. Moitas Grazas e moita sorte!


Rematar